



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
endereço electrónico: correo@betanzos.net

ESCOLA MUNICIPAL DE FOLCLORE

INFORMACIÓN PARA A MATRÍCULA CURSO 2023/2024

PRAZO

Do 11 ao 28 de setembro.

LUGARES

- Na sede electrónica do Concello de Betanzos (sede.betanzos.gal).
- No Rexistro xeral do Concello de Betanzos.
- Nas oficinas de Correos.
- En calquera oficina de asistencia en materia de rexistros da Administración.

INSTRUCCIÓNS PARA A SOLICITUDE DE MATRÍCULA A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA

1. Prema no destacado da EMuF na páxina web do Concello (novas.betanzos.es).
2. Descarga o impreso de solicitude de matrícula, cúbrao e prema en gardar.
3. Entre na sede electrónica do Concello (sede.betanzos.gal).
4. Prema no trámite "solicitude xeral" e inicie o trámite (en liña).
5. Prema en entrar cl@ve.
6. Elixo o método de identificación: [Cl@ve](mailto:cl@ve) ou DNIe/certificado electrónico>acceder.
7. Prema en solicitude.
8. Cubra os campos que aparecen co asterisco (*) no apartado datos identificativos> seguinte.
9. Expoño: "Achego no documento anexo a solicitude para a EMuF". Solicito: "Matricularme na EMuF no curso 2023/2024".
10. Garde e avance, en documentación adicional suba a solicitude de matrícula gardada.
11. Garde, avance, asine a solicitude e descargue o xustificante de presentación.

PAGAMENTO DA MATRÍCULA

O pagamento da matrícula realizarase na Oficina Virtual Tributaria do Concello (<https://ovtbetanzos.dacoruna.gal>) no prazo de 10 días desde a publicación da listaxe de matriculados/as definitiva, a partir do mes de novembro.

INFORMACIÓN SOBRE O INICIO DO CURSO E AS AULAS

O curso comezará a partir do día 7 de outubro no primeiro día da súa aula no horario que lle corresponda a cada quen, segundo a actividade en que se matriculara.

As aulas terán unha duración de 55 minutos, o que facilitará a entrada e a saída de cambio de grupos entre unha aula e outra.